


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

9-10 de novembro do 2024

XXXII ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

4 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

O estilo de sociedade que inflúe no noso vivir diario está baseado non no que cadaquén é, senón no que cadaquén ten, na profesión que desempeña, nas influencias sociais que posúe. O importante é “**ter**”, é “**aparentar**”: cartos, traballo, prestixio, poder, amig@s influíntes, casa... O que posúe isto sae adiante e triunfa na vida. Quen non logra algo disto é un ninguén, non merece moita atención e sempre andará á marxe... un desgraciado, un “coitado”.

Cómpre que **escoitemos** a invitación de hoxe: A grandeza da vida mídese pola capacidade de **servir** e de **axudar** ás persoas. Esa é a temperatura do **meu ser** imitador de Xesús. O auténtico culto a Deus comeza cando **me comparto** cos demais. Para isto non fai falla moito. Hoxe temos unha mesa, estamos dispostos?.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Deus agasállanos co seu amor; por iso invocámolo coas peticións de perdón **porque** queremos facelo mellor:*

Monitor/a

- Porque non entendemos que a solidariedade é compartir o que temos e somos, e non en dar do que nos sobra. Señor, téndenos a túa man
- Porque vestímonos co traxe dos cumpri-mentos, é dicir “cumpro” e “minto” para que a xente nos admire. Cristo, téndenos a túa man
- Porque nos nosos estreitos esquemas ocupan os primeiros postos as persoas que teñen máis riqueza e máis poder. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus agarimoso ten sempre piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas, dos refuxiados, dos cansos da vida. A todos nos regala incondicionalmente o seu perdón e confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Busquemos, no silencio, o encontro con Deus e presentémoslle as nosas intencións para esta semana na que seguimos pousando a nosa mirada nos pobos que sofren pola riada que lles levou a vida.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
concédenos sempre sermos xenerosos contigo,
que te sirvamos de todo corazón,
servindo aos nosos irmáns e irmás
coma Xesucristo, que vive e reina
por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

No evanxeo de hoxe, Xesús fíxase nunha viúva, símbolo de persoa desamparada e marxinada, destacando a súa xenerosidade. Os ricos daban moitos cartos, pero a súa vida seguía igual, porque quedábanse no cumpri-mento. A viúva deu do que necesitaba, deuse; e a súa vida cambiou. É esta a xenerosidade que destaca Xesús, a xenerosidade que nos cambia.

Leccionario I B páx 269 **1 Re 17, 10-16** LECTURA

LECTURA DO LIBRO PRIMEIRO DOS REIS

Daquela foi o profeta Elías a Sarepta e, ao entrar pola porta da cidade, viu alí unha muller viúva, que estaba xuntando guizos. Elías chamou por ela e díxolle:

- "Fai o favor e vaime por unha pouca auga na xerra para beber".

Mentres ía ela collerlla, Elías chamouna e díxolle:

- "Tráeme tamén, se podes, un anaco de pan".

Ela díxolle:

- "Pola vida do Señor, teu Deus, que non teño pan ningún. Quédame só na tina unha presa de fariña e unha pinga de aceite na aceiteira. Ves que estou apañando guizos. Irei preparalo para min e para o meu fillo. Comerémolo e despois teremos que morrer".

Díxolle Elías:

- "Non teñas medo. Anda e fai como dixeches. Pero primeiro prepara un panciño con iso e tráemo a min. Despois xa prepararás para ti e para teu fillo. Pois isto di o Señor, Deus de Israel: a tina de fariña non se acabará e a aceiteira do aceite non mermará, ata o día en que o Señor mande a chuvia á terra".

Foi ela facer o que Elías lle dixerá. E comeu el, ela e seu fillo, moito tempo, sen que se acabase a fariña da tina nin mermara o aceite na aceiteira, como dixerá o Señor por medio de Elías.

Palabra do Señor

♪ n° 48 *O pouco que Deus nos dá* SALMO

(en pé) *Leccion I B* páx 271 *Mc 12, 38-44* EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela díxolle Xesús á xente:

- ¡Coidado cos letrados! Gustan moito de se pasearen con vestidos fachendosos, e que lles fagan reverencias polas rúas; buscan os primeiros postos nas sinagogas e máis nos banquetes. E acábanlles cos bens ás viúvas, facéndose os piadosos. Pero serán xulgados como lles cómpre.

E mentres Xesús estaba sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou aos seus discípulos, é díxolles:

- Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis que os ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobra, pero ela na súa pobreza, botou do que tiña para vivir.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Aquela pobre muller non se ata ás cousas, non pecha o seu corazón no ter, ter, e máis ter.

Ela abre os ollos da súa vida no camiño de compartir. É o seu xeito, é a súa xenerosidade, é o seu estar na disposición da solidariedade.

Nós, a cantas cousas nos atamos?, ás veces, mesmo queremos presumir da solidariedade do que nos sobra, pero seguimos con unha vida demasiado agarrada ás cousas e ao afán por ter.

Quizais neste día nos pregunta Xesús: Ti que compartes?.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Cal é a nosa fe?, cales son os nosos feitos?, que é o verdadeiramente nós importante?. Deamos resposta compartindo o noso Credo:*

♫ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

*Credes en Deus, Pai e Nai,
que nos convida a facer unha nova creación
dende a solidariedade?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes en Xesucristo, fillo e irmán benquerido
que nos descubre a grandeza da xenerosidade?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes no Espírito Santo,
que alenta en nós
a chamada a transformar a historia
ofrecendo o mellor de nós mesmos aos demais?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes na igrexa, comunidade viva
que fuxe das influencias e das honras,
do lugar do poder e da forza,
para ser semente do compartir para todos?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Dispostos a escoitar a túa voz, abrimos o noso corazón a compartir o que nos ilusiona e tamén canto nos preocupa, dicindo xuntos:*

ALÉNTANOS NO COMPARTIR, SEÑOR

Monitor/a:

✓ Coa viúva do evanxeo lembramos ás persoas que na vida teñen a valentía de compartir cos pobres, cos enfermos, coa xente doída, rezamos xuntos

✓ Coma Xesús no evanxeo, fixámonos no bo exemplo de: catequistas, voluntarias de caritas, as que forman os consellos parroquiais, as que coidan deste templo. Nas nosas comunidades, sen protagonismo, invisten tempo e esforzos para construír parroquia. Co bo facer destas persoas, rezamos xuntos

✓ Con Xesús agradecemos ás persoas que todos os días depositan a súa “moeda” para nosa felicidade: a nosa familia, os nosos amigos, os nosos veciños ..., rezamos xuntos

✓ Lembrando as riadas doémonos coas familias que o perden todo, e se quedan coas mans baleiras, e mesmo sen vida, rezamos xuntos

Celebrante: *Grazas, Señor, por invitarnos a ter unha fe esixente, comprometida e libre con todo canto supoña xenerosidade e solidariedade; Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Supliquemos hoxe non caer na tentación de querer ser igrexa grande, ambiciosa, con postos no poder.*

Coa sinxeleza da viúva do templo recemos como Xesús nos aprendeu:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Xesús felicitou a aquela muller mirando máis a calidade do seu xesto que a cantidade, pois o pouco e pequeno, con amor, é moito.*

Non queremos un lugar de honor, sentímonos honrados alí onde atopamos mans cheas de xenerosidade. Sementemos paz coas nosas mans e fagámonos cribles porque non é pouco soñar paz.

♪ nº 36 Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir descubrindo pouco a pouco a proposta de Xesús, porque para El a grandeza está máis na calidade que na cantidade.*

Sintámonos orgullosos por poder compartir gratis a grandeza deste pouco pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 58** **O pouco que Deus nos dá**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a participación nesta celebración de fe, nos axude a medrar contigo e cos demais.

Que nos acade os teus beneficios na vida presente e confirme a nosa esperanza nos bens eternos.

Ti que vives e reinas por sempre eternamente.

Amén

A nosa celebración de hoxe remata levando no corazón o exemplo da viúva que Xesús nos mostrou no evanxeo.

A nosa xenerosidade ten que nacer da confianza en Deus que nos quere e a quen ninguén pode gañar en xenerosidade. Puxo nas nosas mans ata ao seu Fillo.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



*- Esta pobre muller botou máis ca todos os ricos,
eles botan do que lles sobra,
ela do que necesita para vivir.*

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

AS RIADAS DEIXAN IMPOTENCIA,
LÉVANSE VIDA,
PERO OS CORAZÓNS
CONMÓVENSE
E AS MANS TRABALLAN

Ante a situación dos danos sufridos polos habitantes dunha ampla zona de Valencia e arredores, debido ás riadas do pasado martes 29 de outubro, non quedamos impasibles, e co corazón doído nos preguntamos “Que podemos facer?”.

O primeiro é unírnos afectivamente á dor e á impotencia que están sufrindo, confiando en que cando un grita, o Señor escoita, pois El está cerca e dóese cos doídos e comparte cos que están abatidos.

Desde *Cáritas Diocesana de Tui-Vigo* unímonos ás axudas en emerxencia que se xestionan a través da coordinación coas Cáritas locais. A nosa colaboración debe ser encauzada coa rapidez e a eficacia que esixe a situación porque son moitas as dificultades que teñen no terreo para recibir e distribuír axuda en especie (este tipo de axuda é moi complicada). A aportación en efectivo é a máis práctica pois chega dun xeito directo ás Cáritas no territorio, e implica inversión no comercio

local e cercano para levar a axuda necesaria ás familias que máis o precisan.

Cáritas Interparroquial de Os Cotos non podemos permanecer ao marxe de tanta dor e sufrimento. Estamos convidados a cooperar. *Vai poder facerse en cada parroquia de Os Cotos nestes días vindeiros.*

REFACER VIDA

DESPOIS

DAS RIADAS



